



**Proxecto “Programa Vacacións en Paz 2022
no Concello de ABADÍN”**



FICHA TÉCNICA

TÍTULO DO PROXECTO: “Programa Vacacións en Paz 2022 no Concello de ABADÍN”

PROCEDENCIA/DESTINO: Campamentos de Refuxiados Saharaui en Tindouf (Alxeria)

ENTIDADE SOLICITANTE

NOME: Solidariedade Galega co Pobo Saharaui

CIF: G-15924558

ENDEREZO: Avda. Alcalde Gregorio Espino, 57 baixo (36205) Vigo

TELÉFONO/FAX: 986262637/ 678 727 382

ENDEREZO ELECTRÓNICO: saharagalicia@hotmail.com

FACEBOOK: www.facebook.com/sogaps.galicia/

INSTAGRAM: sogaps.oficial

CONTA CORRENTE: ES40 2080 5056 13 3040034374

TITULAR DA CONTA: Solidariedade Galega co Pobo Saharaui

ENTIDADE: A Banca

ORGANISMO QUE SUBVENCIONA

CONCELLO DE ABADÍN



1- DATOS DA ONG SOLICITANTE:

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, é unha Organización non Governamental, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2004/007037, con CIF G-15924558, que ten a súa sede social na cidade de Vigo, Avda. Alcalde Gregorio Espino nº 57 – baixo.

A finalidade de SOGAPS é dobre. Por unha parte pretende mellorar as condicións de vida tanto dos refuxiados saharauis, como da poboación residente no Sáhara Occidental ocupada por Marrocos; por outra parte, dende o ano 1991 que se creou o movemento solidario en Galicia, o obxectivo segue sendo o de dar resposta as necesidades de planificación e mellora na xestión e execución da axuda humanitaria dirixida os refuxiados saharauis que se da na nosa Comunidade a petición e coordinación da Delegación Saharaui para Galicia.

En primeiro lugar, inclúense no programa actividades de sensibilización da poboación tales como organización e/ou participación en charlas e coloquios, montaxe de exposicións fotográficas, realización de concertos solidarios e outros actos culturais. En segundo lugar desenrolamos Proxectos de Cooperación o Desenrolo, Proxectos de Axuda Humanitaria e de Emerxencia e Proxecto Sanitario e de Formación. Dentro dos cales inclúe o envío de alimentos, menciñas e outros materiais (material escolar, material sanitario, material informático, etc.). Tódolos proxectos e que se levan a cabo así como diversas actividades reivindicativas e de sensibilización execútanse en estreita colaboración e coordinación coa Delegación Saharaui para Galicia que á súa vez supervisa o seguimento e avaliación dos mesmos a través da Media Luna Roja Saharaui e o resto das institucións do goberno saharauí.

Co fin de traballar en coordinación existen comisións de traballo: Comisión de Caravana e Proxectos, Comisión de Política e Difusión, Comisión de Vacacións en Paz, Comisión de Dereitos Humanos e Comisión Sanitaria.



2-PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2022 NO CONCELLO DE ABADÍN.

As vacacións en paz preséntanse nun marco de solidariedade e axuda desinteresada co fin de propiciarlles unha estancia agradable e humanamente ricas aos nenos e nenas saharauis. Trátase, xa que logo, de ofrecerlles a estas nenas e nenos nados no medio dun clima de guerra e sometidos as súas dúbidas, unha posibilidade de coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non so na súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre os pobos de España e o Pobo Saharai.

A vida destes nenos, nados no exilio, transcorre nas mesmas circunstancias como o resto da poboación saharai, privada do máis elemental e sobrevive dificilmente grazas á axuda internacional.

Dende o punto de vista afectivo, España representa algo especial para os saharauis polos lazos históricos, culturais e humanos. De feito, os Saharauis pertencen á comunidade de hispano-falantes e aínda conservan con esmero o español como segundo idioma.

OBXECTIVO XERAL

Trasladar a nenos/as saharauis, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauis en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias dos Concellos de Galicia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauis a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.
- Facilitar asistencia médica e de alimentación.
- Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.
- Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega que estudan nos seus programas escolares.
- Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre, evitando a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas (máis de 50º)



4- COMPROMISO DOS CONCELLOS

- Aporte económico para a compra dos billetes dos menores que serán acollidos no Concello (custo unitario que aporta o Concello por cada menor: 890€).
- **O pagamento efectuarase antes do 30 de abril.**
- Asinar un convenio de colaboración entre o Concello e a asociación SOGAPS.

5- AVALIACIÓN

Ao finalizar o programa, farase unha avaliación para comprobar se se conseguiron os obxectivos fixados neste.